

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Comisión Informativa de asuntos xerais ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver a necesidade de proceder a aprobar o expediente de contratación correspondente á contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Oroso (Exp. 2024/C004/000002) así como a necesidade de proceder a aprobar a prórroga do actual contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Oroso (Exp. 2019/C004/000003) ata a adxudicación do novo contrato.

Tendo en conta que se trata dunha competencia do Pleno da Corporación delegada na Xunta de Goberno Local e logo de ver o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais en sesión extraordinaria do 24/06/2024. Considerando igualmente que a urxencia da aprobación de ambos expedientes impide proceder a demorar a cuestión para a seguinte sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros D^a. Licia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando

a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión extraordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 27/06/2024

Hora: 15:30 horas a 1.^a convocatoria e, se procedese, ás 16:30 horas a 2.^a.

Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1º.-Aprobar se procede o expediente de contratación correspondente á contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Oroso (Exp. 2024/C004/000002).

2º.-Aprobar se procede, previo levantamento do reparo de Intervención, a prórroga do actual contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Oroso (Exp. 2019/C004/000003)

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de acordo na sede electrónica do Concello no apartado “portal dos cargos electos” (<https://sede.orosogal/opencms/es>).

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso, asinado dixitalmente

O Secretario.

Federico Suárez Cancelo.